

Martin Códax



Ondas do mar de uigo  
se uistes meu amigo. E ay  
deus se uera cedo.  
Ondas do mar lenado.  
se uistes meu amado.

Qa uen uiuo e sano.  
e del rei priuado.  
E uei madra uigo.  
ia yri...

cultura.gal



## Pergamiño Vindel

e a música no tempo de *Martín Códax*

CHARLAS-CONCERTO  
SÁBADOS NOVEMBRO  
2017

Qa uen san e sano.  
E uei madra uigo.  
Qa uen meu amado.  
e uen uiuo e sano.  
E uei madra uigo.  
Qa uen san e uiuo.  
e del rei amigo.  
E uei madra uigo.



Ay deo se sab ora meu  
amigo. como se meua estou  
en uigo. E uou namorada.  
Ay deo se sab ora meu amado.  
como en uigo. E uou namorada.  
E uou namorada.  
como se meua estou  
en uigo. E uou namorada.

Que é o Pergamiño Vindel? U-la súa relevancia musical? Como soaban as cantigas de amigo? Con que instrumentos se tocaban? Estas e outras preguntas atoparán resposta nas charlas-concerto ***O Pergamiño Vindel e a música no tempo de Martín Códax***, os sábados do mes de novembro, nas que a conversa alternará coa música ao vivo.

En 2014 cumpríanse 100 anos da descuberta, realizada polo libreiro Pedro Vindel, dun dos monumentos da historia da música e da literatura universal: o pergamiño con sete cantigas de amigo de Martín Códax, que constitúe, a día de hoxe, o único testemuño conservado das cantigas de amigo galego-portuguesas acompañadas da súa melodía, en seis dos sete textos.

A chegada a Galicia do Pergamiño Vindel, procedente da Morgan Library de Nova York para a súa exhibición pública por vez primeira, é unha oportunidade única para aproximarse á época medieval da música e da literatura galegas.

Con este motivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura, promove un amplo programa de actividades para acompañar a exposición ***Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas***, que se exhibe ata o 4 de marzo de 2018 no Museo do Mar de Galicia, en Vigo. Nesta programación enmárcanse estes obradoiros cos que difundir entre a cidadanía a importancia e o significado do manuscrito desde unha perspectiva musical, a través dos instrumentos empregados no contexto histórico e cultural no que Martín Códax creou as súas cantigas, a finais do século XIII.

O grupo **Pres de Cambrai**, nun formato de charla-concerto, emprenderá nos obradoiros unha viaxe ao pasado a través da música dos trobadores, na que se interpretarán diferentes mostras da música dos séculos XII e XIII. Para iso empregárase unha nutrida colección de réplicas de instrumentos medievais, realizadas por diferentes obradoiros de artesáns, a partir de fontes como as miniaturas das Cantigas de Santa María, do Cancioneiro da Ajuda ou da iconografía en pedra do Pórtico da Gloria.

Deste xeito, o público asistente poderá mergullarse na estética musical da Idade Media, de maneira rigorosa, para contextualizar as cantigas de Martín Códax e, ao tempo, para familiarizarse cos instrumentos específicos da época.

Catro citas, en catro espazos da ría de Vigo, para achegarse ao Pergamiño Vindel, ás cantigas de Martín Códax, á música dos trobadores e aos instrumentos medievais.

DATAS E ESPAZOS

**4 de novembro. 18.00 h**

**MUSEO DO MAR DE GALICIA. VIGO**

**11 de novembro. 17.00 h**

**ILLA DE SAN SIMÓN. REDONDELA**

(saída en barco desde o porto de Cesantes)

**18 de novembro. 18.00 h**

**CASA DA NAVEGACIÓN DE BAIONA. BAIONA**

**25 de novembro. 19.00 h.**

**SALA DE EXPOSICIÓN**

**DO AUDITORIO DE CANGAS. CANGAS**

**PRES DE CAMBRAI**

**María Giménez**, canto, fídulas e percusións (pandeira, pandeireta, pandeiro de marco, pandeiro cadrado)

**Belén Bermejo**, canto, órgano portativo

**Andrés Díaz**, arpa, cítola, frautas, chirimía

**Valentín Novio**, laúde medieval, cítola

[presdecambrai.nos.gl](http://presdecambrai.nos.gl)

INFORMACIÓN DE INTERESE

**Duración. 1 hora e media aprox.**

**Persoas destinatarias.** Adultos e rapaces e rapazas a partir de 12 anos, acompañados dun adulto.

**Inscrición.** Cada persoa poderá facer un máximo de catro reservas. As inscricións realizaranse nos seguintes teléfonos e enderezos electrónicos:

**Museo do Mar**

Tel. 986 247 750

[info.museodomar@xunta.gal](mailto:info.museodomar@xunta.gal)

**Illa de San Simón**

Tel. 986 400 300

[normalizacion@redondela.gal](mailto:normalizacion@redondela.gal)

**Casa da Navegación de Baiona**

Tel. 986 356 688

[casa.navegacion@baiona.org](mailto:casa.navegacion@baiona.org)

**Auditorio de Cangas**

Tel. 986 304 108

[auditorio@cangas.gal](mailto:auditorio@cangas.gal)

**O**meu semena en uigo manno.  
e nullas gardas nigo ñ nigo.  
e uou namorada.

**E**nullas gardas nõ ei comigo.  
ergal meo ollos q chozã nigo.  
e uou namorada.

**E**nullas gardas nigo ñ nigo.  
ergal meo ollos q chozã amlos.  
e uou namorada.

**Q**uantas sabes amar  
amigo. trides comig alo mar  
de uigo. e bannar nos emos

amado.  
ar leuado.  
emos. n. o.  
alo mar de uigo.  
e uou meu amigo.  
e bannar nos emos. n. o.  
trides mig alo mar leuado.  
e uecimo meu amado.  
e bannar nos emos. n. o.

**E**n uigo no sagrado. bay

**E**n uigo no sagrado.  
baylaua corpo delgado. amor ei.

**B**aylaua corpo delgado  
q nunc ouier amado. amor ei.

**B**aylaua corpo uelido.  
q nunc ouier amado. amor ei.

**Q**ue nunc ouier amigo.  
ergal no sagrado en uigo. amor ei.

**Q**ue nunc ouier amado.  
ergal en uigo no sagrado. amor ei.

**Y** ondas que eu uir

seme saberedes

ozer por que tardi meu

Amigo se my  
y ondas q eu uir mure  
seme saberedes contar  
por q. t. m. d. l. my

Promove

Colaboran

lana corpo uelido. Amor ei.

